


¡Carreira de Titáns!



A NASA fixo un descubrimento que se pode converter no máis curioso da historia, ao desvelar que se estaba facendo un pique no que se enfrontaban algunhas barcas galegas nunha carreira que consistía en dar a volta ao satélite enteiro de Titán, o máis grande de Saturno. As barcas procedían do cidade galega de Ribeira. Chegaron a este satélite gracias a que cada un ía nunha nave co seu barco para evitar pelexas entre os participantes. Deixaron caer os barcos sobre os lagos deste satélite e puxéronse en posición para comezar a carreira o antes posible.

Un mes despois púidose saber o gañador desta carreira, que foi unha persoa que vivía moi preto do mar. Esta persoa afirma que o abundante metano do satélite Titán deulle impulso a el e máis ao resto de participantes, pero afirma que foi pura sorte que lle dera máis vantaxe a el. Os demais participantes

declararon os parabéns ao gañador, e tamén dixeron que foron á carreira por diversión unicamente.

Despois desto, comezouse a facer esta carreira tódolos anos e a persoa gañadora da carreira recibía un gran trofeo, pero nada comparado co primeiro gañador que ademais do trofeo, que non era para nada pequeno, recibiu un gran logro e un recoñecemento en tódolos libros de historia que o fixo famoso. Moi pronto, comezáronlle a chegar unha chea de invitacións para os programas de televisión, ademais de algúns de radio. Chamábano para que lles contase como era aquel satélite, e como fixeron para chegar ademais de contarlles tódolos detalles de cómo foi cada momento da carreira. Ese tipo de carreira tiña que ser moi intensa.

Pouco a pouco foise competindo máis e máis. Ao principio era unha carreira só de barcos do porto de Ribeira, pero acabouse convertendo nunha carreira mundial no que competían todo tipo de persoas, desde nenos ata adultos. Os nenos empezábanse a adestrar desde os 7 anos e algunhas veces acababan moi ben na clasificación da carreira; incluso houbo un neno, un só, que conseguiu gañar a carreira con unicamente 10 anos, o fillo do gañador da primeira. Ese neno pasou á historia xunto co seu pai e viven os dous e o resto da súa familia, da fama.

O neno de 10 anos, dedicoulle o premio de gañador ao seu pai, xa que foi quen lle inspirou e o empezou a adestrar desde que era moi pequeniño. Tamén llo dedica a seu irmán que estivo adestrando xunto a el para facer os exercicios en parella que lles mandaba seu pai. Seu pai ofreceuse a adestralos porque el xa sabía como era todo alí e con eso xa tiña vantaxe. Explicoulles como era a mellor forma de aproveitar a grande cantidade de metano que había no satélite.

Cada ano esta carreira comezouse a tomar máis a broma, e a xente de Ribeira comezoulle a chamar ‘Carreira de Titáns’, e a partir dese momento, ata nas noticias aparecía ese nome.

Esta carreira pasou á historia, e cada ano a xente estaba impaciente esperando a que empezara a carreira. Hasta se pediu que se fixera esta carreira máis veces ao ano. Isto último foise pensando durante varios anos, e ao final comezou a facerse 3 veces ao ano; unha en abril, outra en agosto e a última do ano en decembro.

Matías Amaya Regueira